

A MIMOSA



Nº-4 Agosto de 2005 Boletín veciñal Casdenodres- Galiza- O mundo

CHEGA AGOSTOO!!!!!!



Foto.- Imaxen do día 7 do ano pasado.

E aquí estamos outra vez de novo, co cuarto número e reincidindo no mesmo dos anteriores: mandádenos cousas, as que sexan, o mesmo da relatos que fotos, que contos, que xogos... o que se vos ocorra, que a revista é vosa e tendes que axudar a facela.

E cambendo de tema, pois xa estamos no vrao, parece que non pasa o ano pero xa vendes que chega outra vez. E a tirar todos do carro como tódolos anos, física e económicamente falando claro, que se non a festa non se sostén. Dende aquí quero dar un recoñecemento a cada un dos veciños que creeron en nós e no noso proxecto de ter unha asociación de veciños en Casdenodres. Ca revista, ca organización da festa e co que poda surxir aí estaremos para representalos.

Tamén quería recordar que o día 13 de Agosto pola tarde terá lugar a reunión da asociación na praza do pobo, con comezo de 6:30 primeira convocatoria o 7:00 na segunda. Sen máis un abrazo a todos.

LENDAS POPULARES

San Andrés de Teixido:

Un rito ou lenda moi popular da tradición oral galega é o de San Andrés de Teixido (lugar máxico e mítico por excelencia no que abundan as lendas e contos. Incluímos a continuación a lenda de Santo Andrés de Teixido e outra propia do lugar:

"Vai de morto quen non vai de vivo..."

O Santo Apóstolo San Andrés, que se atopaba naquel arredado currunchito, isolado e senlleiro, andaba decote tristeiro de ver as peregrinacións que, de tódalas partes do mundo cristián, ían camiño de Compostela para facer oración diante do sartego de Santiago, malia das penalidades que tiñan de sufrir. En troques, o seu santuario víase baleiro, malia de que facía tamén milagres e sandaba males que serían tamén incurables sen a súa axuda protectora.

E disque, di a lenda, o bo do santo Andrés percorría os camiños vagarosamente e, diríamos que un pouco amolado se non fora santo; pero se non amolado, moi contento non había andar tampouco.

Un día no decurso dunha das súas longas camiñadas en que ía cavilando na súa pouca sorte, achouse, de súpeto, ante o Noso Señor que viñera á nosa terra para ver como andaban as cousas e, ó velo, O Señor preguntoulle:

-Véxote tristeiro Andrés, ¿Qué é o que che acontece?

E San Andrés, aproveitando a pregunta respondeulle:

-Divino Mestre: ando tristeiro poque vexo que de todo o mundo veñen xentes visitar ó teu discípulo Santiago, que está en boa terra e ten bos camiños para chegaren onda él; e sofren e padecen nos longas xornadas de camiño os avatares do longo viaxe... e con toda a humildade engadiu- En troques ninguén vén pé de min; o meu santuario está baleiro, como se eu non fose tamén o voso discípulo, non menos fiel e celoso do ben para tódolos homes.

Noso Señor, conmovido e ollándoo con agarimo, díxolle entón:

-Dis ben Andrés, e ti non has ser menos do que Xacobe. De agora en diante prométoche que ninguén ha entrar no ceo sen ter visitado o teu santuario, polo menos unha vez na vida; e aquel que non o fixera de vivo farao despois de morto.

E por iso se di a célebre frase de:

"A San Andrés de Teixido vai dúas veces de morto quen non vai unha de vivo".

O RÍO MIÑO

Cando a Virxe andaba polo mundo co seu Neniño chegou á beira do río Miño. A corrente das augas producía un forte ruído que espertou ó Neno, que choraba sen consolo e entón a Virxe, desesperada polos berros do seu fillo, dirixiuse ó río dicindo:

- "Río Miño

pasa caladiño

non despertes

ó meu nenño".

E dende aquela o río Miño discorre tranquilo e en silencio por tódalas terras que atravesa.

- Silvia -

CANTIGAS POPULARES

Viñase paseando
una saia brillante
con los dolores del parto
y el corazón se le abre.

quién me diera una casita
y a la vera de mis padres
para calmar los dolores
en los brazos de mi madre.

La suegra que escuchaba
en el agujero de la llave.

Vete a casa de tus padres,
vete a casa de tus padres,
vete a calmar los dolores
en los brazos de tu madre.

si viene Pedro a la noche
ya le daré de cenar
y si trae la ropa sucia
le daré de cambear.

Llegó Pedro a la noche
preguntando por Carmiña.
Va en casa de sus padres
que me hizo mala vida.

a mí me llamó mundana
y a ti hijo de un criminal
y si no la matas Pedro
pan de mi no comes más

¿Como la voy a matar madre
si yo no sé la verdá?

La verdad te la digo hijo
como hay dios en el altar.

Coge Pedro sus caballos
con los criados detrás
caminando siete leguas
para poderla encontrar.

Buenas tardes tengas Pedro
ya tenemos un infante,
del infante gozaremos
porque es hijo de buen padre.

Vete a confesar Carmiña
y cuéntale todo al padre
que tras aquella casita
traigo pensao matarte

Ya se confesó Carmiña
ya le contó todo al padre
tras aquella casita
allí queda un cadáver.

La cogieron entre cuatro
y la llevaron a enterrar
en una capilla nueva
de la virgen del Pilar

Las campanas de olivares
ya no quieren redoblar
porque se ha muerto Carmiña;
de luto esta la ciudad.

- Isaura-

FOTOS DE ONTE E HOXE

As de onte



Foto.- Aquí temos fai bastantes anos estes raparigos, a ver si sabes quen son.



Foto.- E aquí outra foto de fai moitos anos de catro mozos ven parecidos cun camión daquela época.

FOTOS DE ONTE E HOXE

As de hoxe



Foto.- Aquí temos unha foto da carreira de carretillos máis internacional que se celebra no noso Casdenodres (é a do ano pasado).



Foto.- E esta é a imaxe inolvidable da queimada do día 7 pola noite que tan ben nos cae polas gorxas.

O CONSULTORIO DO DOUTOR DOENTE : “A PREGUNTAS INUTIS, RESPOSTAS ABSURDAS”

O DESALOYO

¡Hola!, disculpe. Sería tan amable de responder a unhas preguntas pra emisora local **Mirando na casa do veciño?**, será só un momento.

¿Qué está pasando aquí?, a qué se debe toda esta concentración?

-Ese é o problema, que non tiñamos que estar aquí, na mitá da rúa, senon descansando en casa, pero non nos deixan. Polo visto queren desaloxarnos, votarnos a rúa sen máis, sen preocuparse onde imos a pasala noite, e aínda por riba cos nenos pequenos a costas, ¡a esto non hai dereito!.

Eu levo vivindo aquí catro anos e agora queren que nos marchemos sen máis e sen abri-la boca, pero anse joder, que eu de eiqui non me movo, e todos eses que veí ahí, pensan o mesmo, así que vaise montar unha boa. A ver se ten collois ese mocoso para vir él a votarnos.

-¿Pero cal é a razón pola que os quere votar?

-Razón él non ten ningunha, pero bueno, o que él di é que esta zona necesita unha nova imaxen, que esto está moi deteriorado e que incluso pode resultar insalubre. Será insalubre para él porque o que é pà nós, máis insalubre é non ter onde vivir.

Pero bueno, non é a primeira vez que este individuo nos quere votar fóra. Primeiro, cando aínda eramos unhas poucas, tentouno co cepillo de dentes, a pesar da confusión inicial, como viu que non optiña os resultados buscados, senon que cada vez chegabamos máis, intentou reforzala súa ofensiva co fio dental e máis tarde engadiu o enxuague bucal. Sen embargo todas e cada unha destas iniciativas resultaron inutis á larga e non conseguiron evitar que o número de bacterias foramos en aumento, conseguindo instalarnos pouco a pouco e con moito traballo nesta muela.

Por eso ó que hoxe nos enfrentamos non é máis que un intento á desesperada por gañar unha batalla nunha guerra que ten perda de antemau. O feito de ter que recurrir a buscar axuda nun profesional, non fai máis que enfatizala súa angustia, e como moito aplazar unha derrota que é inevitable.

Non obstante, hai que recoñecer que o torno vains causar moitas baixas e que é moi posible que consiga tirar a baixo ás nosas instalacións, saneando esto para logo tapiarnola entrada ás casas mediante a execución do empaste. Sen embargo moitas de nós sobrevivemos, e se non é así, pronto virán outras a ocupalo noso lugar.

O proceso revolucionario é imparabile, a terra e a vivenda por fin serán de quen as traballa. As muelas pasarán os seus lexítimos propietarios, e decir, pasaran ó pobo... ás bacterias. Por eso non me queda outra cousa que decir que:

¡Hasta a victoria sempre!. ¡ Viva a revolución!

-Bueno moitas gracias polo seu tempo e que teñan moita suerte.

Sen máis, despedimola conexión. Iñigo Saéz, como siempre ó pé da noticia.

Que teñan boa tarde.



RAR PENÁ TREVINCA

O QUE FIXEMOS

Neste apartado da revista reservado ó que fixemos, temos que dicir que despois de varios intentos por fin concedéronos unha pequena (muy pequena por certo) subvención que por lo menos daranos para sacar algún número da revista. Algo é algo, claro está.

Quería comentarvos que na reunión do día 13 de Agosto a directiva da asociación quere propoñer unha suba na cuota na cuota de socios dos seis euros actuais a dez euros. Creemos que é unha suba necesaria porque se non só nos chega para sacar a revista, e queremos facer moitas máis cousas pero énos imposible nin se quera proxectalas pola falta de fondos.



Recordarvos tamén que hai que ir entenando as galiñas para a Segunda Carreira Internacional de Pitas e tamén buscar parexa e carretillo para a Terceira Carreira Internacional de Carretillos. Animádevos!

VOCABLOS

- | | |
|----------------|--|
| 1.- Xergón | a.- colchón de palla. |
| 2.- Ciscar | b.- recobrar un bo aspecto. |
| 3.- Toqueira | c.- lugar estreito, xeralmente entre as casas. |
| 4.- Caneiro | d.- corrente de aire frío. |
| 5.- Canizo | e.- de temperatura agradable, nin frío nin quente. |
| 6.- Repuliscar | f.- tirar algo, deixalo despreocupadamente. |
| 7.- Curisco | g.- lugar destinado para secar as castañas. |
| 8.- Morno | h.- gran condensación de fumo. |

EDITORIAL



Din as encostas que en España bébese moito...
E digo eu, como soportar se non os paos
que da a vida?
Esa bronca impropcedente do teu inútil xefe,
ou esa bronca coa tua parexa po lo mando,
ese mal corte de pelo do noso perro... E que
me decides dos kilos de máis na báscula esa; ou
 cousas inda máis tráxicas como quedar sen
entradas ó megaconcerto do teu grupo mega-
top do momento, ou ese terrible momento de
darse de conta da malísima combinación de
cores que levas na túa roupa ó salir de festa
o sábado pola noite?. Iso son traxedias e con un
trago pasan mellor. O ser humano é debil; que
lle imos facer, comprensión cos borrachuzos
españóis que haios en cualquera esquina.

Dtor.- Jairo Vega.

CHIRICAHUA VIANA



HOTEL RESTAURANTE AS CHAIRAS
TELEFONO: 988350168

IN MEMORIAM

Queremos ademais lamentala perda e mostralo noso pésame os familiares e
amigos de Doña Purificación Fariñas González.

Recordadeos de a nosa dirección de correo para que mandeis as colaboracións: casdenodrescap@terra.es
Solución a los vocablos: 1-a, 2-f, 3-h, 4-c, 5-g, 6-b, 7-d, 8-e. Non me digais que era difícil, a que non.